

Descarga e configuración de Ardora

www.webardora.net

O primeiro que debe de facer é obter o ficheiro zip co programa, para iso na web oficial de Ardora, www.webardora.net no apartado de descarga existe un botón que lle permite acceder á descarga do programa para os distintos sistemas operativos.




IMPORTANTE: Descargue o programa sempre da web oficial de Ardora, www.webardora.net. É a única forma de obter a copia orixinal máis recente do programa, nunca lle será requirido ningún tipo de pagamento, donativo, envío de sms, etc. Ardora é totalmente gratuíto nos termos que se manifestan no apartado de "Licenza".

Facendo clic sobre o enlace do noso sistema operativo comezará a descarga dun arquivo zip. Unha vez descargado copie ese arquivo zip ao lugar do seu equipo no cal desexe ter o programa. Descomprima este arquivo (a práctica totalidade dos sistemas operativos presentan a opción de descomprimir un arquivo zip facendo clic co botón dereito do rato sobre o propio arquivo e elixindo a opción de "descomprimir, extraer,


Descarga e configuración de Ardora

www.webardora.net

Windows




Linux



IMPORTANTE: Non descomprima o fichero zip (ou copie o cartafol de Ardora) a unha ruta na que existan acentos, eñes ou espazos en branco). Por exemplo, si o nome do seu usuario é "José" e copia e descomprime o arquivo zip no seu "escritorio", a ruta ao cartafol de Ardora será "C:/Users/José/desktop/..." a ruta contén un acento e o programa dará un erro.

Neste caso pode copiar o arquivo zip (ou o cartafol unha vez descomprimido o zip) no disco duro "C:", logo pode poñer un enlace ao arquivo executable de Ardora no escritorio.

Unha vez rematado o desempaquetado do arquivo zip no mesmo "lugar" que estaba o arquivo zip teremos agora unha carpeta co mesmo nome que o arquivo zip dentro da cal hai outra carpeta co nome de "Ardora7_x" (x será o número que indica a subversión), esta é a carpeta que contén o programa, se




quere, pode copiar a carpeta completa a outro lugar do seu ordenador.

No seu interior existe un arquivo co nome de Ardora no que deberá de facer clic para executalo, se está a usar un sistema Linux probablemente deba dar permisos de execución a este arquivo (normalmente, botón dereito do rato → propiedades).


Descarga e configuración de Ardora

www.webardora.net



O programa, inicialmente, está configurado en español, se desexa cambiar isto, abra o menú "Utilidades" e seleccione a opción "Configurar Ardora".

Na súa pantalla aparecerá a seguinte ventá:



Escolla en **idioma** a lingua que, por defecto, vai ter o programa sempre que o execute. No apartado de **cores** indicará as cores que inicialmente van ter os contidos desenvolvidos con Ardora aínda que nalgúns apartados esas cores poden ser cambiados aos do tema que elixa.

No apartado "**Fonte**" pode indicar o tipo de tipografía que por defecto vai aparecer sempre que inicie

Descarga e configuración de Ardora

www.webardora.net

o desenvolvemento dun contido. Existe un tutorial sobre este tema en webardora.

En "**Ruta ao servidor local**" pode especificar a situación dun servidor web, nos tutoriais sobre as páxinas en servidor fálase máis do tema.

Finalmente en "**Directorio**" pode indicar a ruta nas que por defecto cada vez que teña que engadir unha imaxe ou un son, vai buscar o programa, tamén pode especificar en que lugar quere gardar os arquivos ard ou en qué lugar se publicarán as actividades (*.html).